

## **Reciclaxe nos campus**

### **A prol da recuperación de consumibles e compoñentes informáticos**



Colectores en Empresariais

#### **M. P.-C. | Vigo**

Á marxe da recollida selectiva que de vidro, papel, envases e pilas realiza cada un dos concellos nos que se emprazan os campus da Universidade, a Oficina de Medio Ambiente (Oma) localizou colectores interiores nos centros para facilitar a reciclaxe dos devanditos residuos á vez que iniciou un servizo de recuperación de consumibles e compoñentes informáticas.

Actualmente, todas as escolas e facultades dispoñen dunha illa de colectores conformada por varios contedores no seu exterior. En total, 70 envses de distinto tipo acumulan nos tres campus o lixo reutilizable á espera da súa retirada por parte dos servizos municipais. Emporiso, co fin de acelerar o procesado do material desbotado por aulas, laboratorios e unidades administrativas, a Oma instalou contedores destinados á almacenaxe de papel que logo son trasladados polos equipos de limpeza ás caixas exteriores. Xunto aos colectores azuis e

amarelos dispuxéronse outros para tóners e cartuchos de tinta. Ademais, habilitouse un almacén provisional nun dos pavillóns da Facultade de Filoloxía e Tradución para gardar as compoñentes informáticas inservibles.

#### **Regulación**

O número inicial de contedores emprazados pola Oma dentro dos centros foi variando consonte ás necesidades de cada edificio, alcanzando a cifra total de 203 para papel e cartón, 37 para pilas, 16 para cartuchos de impresoras e 17 para tóners. Tocante aos elementos de impresión, ata o de agora a Oficina chegara a un acordo coa empresa Garein, propietaria dos envases actuais e que proporcionara un teléfono gratuito para a recollida, de modo que a retirada dos dispositivos facíase segundo o ritmo de saturación dos colectores. Non obstante, en breve abrirase un concurso para licitar o servizo, como explica un dos técnicos da Oma, Julián Comesaña, “queremos regular periodicamente a reciclaxe destes refugallos, pois observamos que o funcionamento segundo os centros era ben distinto”.

Asemade, buscase tamén unha solución para os compoñentes informáticos desbotados, unha vez separados os elementos considerados contaminantes como os monitores de ordenador que se tratan como residuos perigosos.

Doutra banda, tres centros contan con caixas de recollida de roupa instaladas pola ong Humana que envía as prendas a África ou as súas tendas de segunda man.